

EXCMO CONCELLO DE RIVEIRA

DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE

DECRETO: Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS e 1 PEÓN CONDUTOR) para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2019, nomeamento do Tribunal Avaliador, lugar, hora e data do inicio do proceso selectivo.

Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS e 1 PEÓN CONDUTOR) para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2019, a través do proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Decreto da Alcaldía do 02/07/2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 126 do 05/07/2019, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira, así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, e no xornal "La Voz de Galicia" na súa edición do 05/07/2019.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, na data 17/07/2019, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos no proceso selectivo antes referido, que se publicou na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial no que estivo exposta ao público desde a data 17/07/2019 ata a data 19/07/2019, concedéndose un prazo de 1 día hábil, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o prazo de subsanación de erros ou de presentación de emendas, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

A) Posto de XEFE DE BRIGADA:

Apellidos e nome do/a aspirante	D.N.I./N.I.E	Admitido/a	Acreditación do CELGA 3 ou equivalente
Fernández Castro Rubén	***8514**	Si	Si
Lojo Fernández José Andrés	***9668**	Si	Si
Otero Santiago Vicente	***0784**	Si	Si

B) Posto de PEÓN:



Apellidos e nome do/a aspirante	D.N.I./N.I.E	Admitido/a	Acreditación do CELGA 2 ou equivalente
Bralo Rodríguez David	***2317**	Si	Si
Castro Cruz Juan Carlos	***9573**	Si	Si
García Iglesias Sergio	***2972**	Si	Si
Lojo Fernández José Andrés	***9668**	Si	Si
López Rodríguez M ^a José	***8937**	Si	Si
Maneiro Tubío Alberto	***9528**	Si	Si
Mariño Ferradas Javier	***3915**	Si	Si
Parga Santamaría Javier	***8581**	Si	Si
Paz Ayaso Jesús Manuel	***8827**	Si	Si
Ríos Millares Alicia	***3493**	Si	Si
Rosende Chaves Andrés	***8051**	Si	Si

C) Posto de PEÓN CONDUTOR:

Apellidos e nome do/a aspirante	D.N.I./N.I.E	Admitido/a	Acreditación do CELGA 2 ou equivalente
Bralo Rodríguez David	***2317**	Si	Si
García Iglesias Sergio	***2972**	Si	Si
Lojo Fernández José Andrés	***9668**	Si	Si
López Rodríguez M ^a José	***8937**	Si	Si
Parga Santamaría Javier	***8581**	Si	Si
Rosende Chaves Andrés	***8051**	Si	Si

A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

SEGUNDO.- A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Riveira (www.riveira.es) no apartado "taboleiro de anuncios".

TERCEIRO.- Nomear o seguinte Tribunal Avaliador do proceso selectivo:

Presidente: Titular: María Paz Vidal. Suplente: Luis Ignacio Fernández Veiga. **Secretario:** Titular: María Sieira Ríos. Suplente: José Martínez de Llano Orosa. **1º Vogal:** Titular: Ariana Cajaraville Chacón. Suplente: José Antonio Otero Sobrido. **2º Vogal:** Titular: José Andrés Alonso Paz. Suplente: José Manuel Bretal Laranga. **3º Vogal:** Titular: Uxía Landeira Pereira. Suplente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTO: Nomear a Marcos Fernández Santamaría e José Francisco Parente Martínez, membros do GAEM do Concello de Riveira, como asesores do referido Tribunal Avaliador.

QUINTO.- Convocar aos membros do Tribunal Avaliador, para que concorran á Casa Consistorial do Concello de Riveira o día 29 de xullo de 2019, ás 8:30 horas, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á mencionada valoración dos méritos.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005CEAA00A9H7Z2R4J9B2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 22/07/2019
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/07/2019
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2019 11:17:21

DECRETO: 201907/157
 Fecha: 22/07/2019
 Hora: 11:16
 Persona 33228537T



SEXO: Convocar ós/ás aspirantes admitidos/as para que **o luns, día 29 de xullo de 2019, se presenten no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Riveira, Praza do Concello nº 1, co obxecto de iniciar a fase de oposición do proceso selectivo coa realización do primeiro exercicio da oposición (proba teórica). Ás 9:00 horas procedérase á realización do primeiro exercicio da oposición correspondente ao posto de XEFE DE BRIGADA. E ás 9:45 horas procederáse á realización do primeiro exercicio da oposición correspondentes aos postos de PEÓNS E PEÓN CONDUTOR.**

A continuación, **ás 11:30 horas, procederase á realización do segundo exercicio da oposición (proba práctica), na explanada das instalacións deportivas de A Fieiteira, tanto para os postos de XEFES DE BRIGADA como para os PEÓNS E PEÓN CONDUTOR.**

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

SÉTIMO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Así o decreta e asina o alcalde Manuel Ruiz Rivas , en Riveira á data que figura na sinatura dixital ao pé deste documento, do que da fe o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005CEAA00A9H7Z2R4J9B2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 22/07/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2019 11:17:21

DECRETO: 201907/157
Fecha: 22/07/2019
Hora: 11:16
Persona 33228537T

